

**ACTA Nº 62**

**ASEMBLEA ORDINARIA**

Acta da Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada o día 4 de xullo de 2020, ás 10:00 horas en Vigo, no salón de actos do Edificio das Federacións Deportivas, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

**Asistentes**

D. Pascual Bartolomé	Club Arteixo Balonmán
D <sup>a</sup> Monserrat Rey Salorio	Club Bm. Atlántico
D. Manuel Castro Otero	Club Bueu Atl.
D. Juan José Corral López	Club Campus Ourense
D. Adrián Menduiña Gutiérrez	Club Bm. Cangas
D. Rubén Fernández Reinaldo	Club Bm. Cañiza
D. José Barciela Cabaleiro	Club AD. Carballal
D <sup>a</sup> Yolanda Rodríguez Vaqueiro	Club Bm. Caselas
D <sup>a</sup> María González Lago	Club SD. Chapela
D. Santiago Picallo Búa	Club Bm. Cisne
D. Ángel Canedo Rey	Club Bm. Culleredo
D. Jesús López González	Club Atlético Guardés
D <sup>a</sup> Ana Belén Martínez González	Club UB. Lavadores
D. Alberto Mouriño Varela	Club Bm. Línea 21
D. Óscar Fernández Martínez	Club Luceros
D. José Antonio Seijas Castro	Club ADC. Descubriendo Lugo
D <sup>a</sup> Silvia Lobato Limieres	Club Asmubal Meaño
D. Irene Vilaboa Fernández	Club Bm. Moaña
D. Rubén Fernández López	Club Bm. Narón
D. Andrés Senra Pregal	Club Atl. Novás
D <sup>a</sup> Rebeca González Vázquez	Club Bm. Pabellón
D. Iago Garrido Vilar	Club ED. Poio
D. Abel Estévez Carrera	Club Bm. Porriño
D. Diego Gondar Otero	Club Rasoeiro Bm.
D. Rafael Fernández	Club EBM. Ribadavia
D. José Ricardo Vázquez García	Club Bm. Ribadosar
D. Iván Reinaldo Vallejo	Club DC. Ribeiro
D. Aurelio Krook Moldes	Club S.A.R.
D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> Consuelo Prelchi Gallego	Club Bm. Seis do Nadal Coia
D. Emilio Pintos Soto	Club Sd. Teucro
D. Pablo A. Rodríguez Castro	Club Bm. Tui
D. José Antonio Rodríguez	Club EBM. Xiria
D. Francisco J. Gayoso Rivera	Xogador
D <sup>a</sup> Lorena Pérez Alonso	Xogadora
D. Anxo Otero Sieiro	Adestrador
Hugo Rodríguez Barreiro	Adestrador
D. Andrea Cabaleiro Veloso	Árbitro
D. José Pérez Rodríguez	Árbitro

Preside a mesma o Pte. da Federación Galega de Balonmán D. Bruno López Molina, estando na mesa da Vicepresidente D. Ignacio Permuy Varela, a Tesoureira D<sup>a</sup> Patricia Sanmiguel García o Responsable de Competicións Provinciais D. Jesús Varela Martínez e a Secretaria Xeral D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Sueiro Cardoso.

Toma a palabra o Presidente D. Bruno López Molina, saúda aos asistentes e informa do orde do día.

O Presidente informa dos acordos máis salientables da asemblea da RFEBM. que se celebrou hai 15 días e que foi telemática. O mais relevante foi a eliminatoria da obriga de estar asociado a Asobal para competir na máxima categoría, aprobáronse os novos formatos de competición con cambios substanciais, por exemplo en prata masculina pasan a ser dous grupos. Aprobouse a obrigatoriedade en sectores nacionais categoría xuvenil e en competicións que dependan da RFEBM de xogar co balón sen pega. A FGBm. non está de acordo con esta medida xa que é prematura e nestes momentos pode levar algún problemas xa que os clubs están obrigados a xogar con balón Molten e a FGBm. ten un contrato con hummel. Desde a Federación non se presentan unha proposta para xogar sin pega, é algo que hai que valorar e os clubs son os que teñen que considerar si se debe xogar sen pega, pero o balón molten incrementaría nun 100% o prezo actual do balón hummel. Para que as condicións sexan vantaxosas e máis económicas para os clubs, os balóns terían que ser vendidos a través da Federación Territorial pero iso podería levantar suspicacias sobre se a FGBm. saca rendemento económico sobre a operación, ademais de obrigar a tributar ese IVE, a FGBm. non ten interese en participar nesta operativa.

O representante do club Ribadosar di que probaron o balón, e di que en xogo o balón non sirve.

O Presidente di que o que alivia é os problemas que algunhas instalación poñen para xogar con pega, e que van a voltar a probar o balón, pero está aprobado en asemblea e a nivel nacional os equipos de categoría xuvenil van a ter que xogar con ese balón.

Na asemblea tamén se aprobou que non se van a imprimir as licencias nacionais pero os 10 € por licenza seguirán a cobrarse e desde a FGBm. solicitouse que ese importe repercutirá nas territoriais (xa qu realizan a maior parte dos trámites de emisión de licenzas) ou mesmo nos propios clubs, pero dixeron que había un acordo de presidentes anterior a esta etapa de que ese importe era para a RFEBM.

Presentouse tamén un cambio no fondo de compensación nas viaxes a canarias, desde a FGBm. e os asembleístas galegos na que se pedía que se adiantase 30 días o importe do fondo e o que se fixo foi fusionar as dúas propostas (FGBm e RFEBM), finalmente, pagarase 30 días antes, pero as cantidades se modificarán a un máximo de 4.000€ en época baixa e 5.000€ en alta, e soamente son para gastos en desprazamentos, tendo que xustificar a cantidade gastada, que se corresponderá co importe a percibir por parte dos clubs.

Aprobouse unha taxa de 300€ a favor da RFEBM para pedir dereitos de formación, xa que hai moita demanda.

Desde Galicia levaronse varias propostas, pero tan só se aprobou a dos viaxes a Canarias, entre outras se presentou una proposta para crear unha comisión para o control de División Honra Feminina, xa que hai unha norma que exige que haxa certo número de contratos pero non saú aprobada, unha do cupo adicional para que non haxa certas restricións nos xogadores xúnior, e unha para reestruturar as competicións, xa que ascender a nacional cada vez é máis sinxelo e é moi tentador estar en categoría nacional sobre todo polas subvencións pero ao final vai en detrimento das competicións autonómicas, do nivel do balonmán en xeral e do atractivo das competicións de élite.

Este ano houbo varias invitacións a categorías nacionais, pero é moi difícil planificar unha categoría autonómica cando o prazo para emitilas dende a RFEBM. é demasiado amplo, o que non se pode é esgotar

os tempos. Este ano houbo invitacións no que a FGBm é un intermediario; houbo unha invitación á SAR, houbo unha invitación que quedou colgada para o equipo feminino do Bm. Cañiza; eles pediron información a primeiros de xuño, pero desde a RFEBm. lles dixeron que a resposta se podería demorar ata o 30 de xuño, o Bm. Cañiza pediu que se resolviera a praza canto antes xa que as demais xa estaban outorgadas, chegando a renunciar por falta de tempo para resolver a incerteza presupostaria e deportiva. Ao final a RFEBm. ofreceu a praza unha praza en 1ª División Nacional Masculina e outra en División Prata Feminina que ocuparon Reconquista e Meaño respectivamente.

O representante do Club Rasoeiro di que a forma de outorgar as prazas na RFEBm. non é xusta e deixa moito que desexar.

O representante do Club Carballal di que todos estamos dentro da RFEBm. e da FGBm. e todos xogamos ao mesmo nivel e o sistema de invitacións da española é inxusto, igual que cando na reunión dixo que ía a enviar o presuposto de gastos e non o fixeron.

O Presidente lle quere dar as grazas aos assembleístas galegos xa que se fixeron varias reunións para estudar todas as propostas da RFEBm. este ano había 50 propostas, e se leron todas e se estudou si beneficiaban ou non ao balonmán galego; cousa que a maioría non o fan. Hai propostas aprobadas por parte de clubs e xogadores/as que a FGBm considera que van en contra dos intereses dos/as mesmos/as, algo realmente sorprendente.

Andrea Cabaleiro pregunta como se van a identificar aos xogadores se non se envían as licencias.

O Presidente di que as poden imprimir os clubs, o que pasa é que a RFEBm. non as envía.

O Presidente informa de que a RFEBm española para paliar o impacto do COVID, vaise a eliminar a obrigatoriedade de facer o streaming en 1ª Nacional Masculina e Prata Feminina, unha medida, que máis aló de eliminar posibles sancións, poderá supor un paso atrás na promoción do noso deporte.

O Presidente cede a palabra ao directivo Jesús Varela para que informe da situación actual do COVID-19.

Jesús Varela informa brevemente da situación actual da COVID, comeza coa cronoloxía desde o inicio en marzo.

Informa que desde principios de xuño estase a traballar coa Secretaría Xeral para o Deporte para a elaboración dun protocolo , o 15 de xuño a Secretaría Xeral en base á normativo aproba o protocolo Fisicovid Deporte Galego para que as federacións galegas elaboren o seu protocolo, no que levaban traballando todas as federacións deportivas.

O protocolo que as Federacións deben elaborar, debe identificar as situación de risco potencial de contaxio e teñen que dispor dunhas medidas para esas situacións de contaxio e os protocolos son de obrigada, observancia, ademáis deben publicarse na web da Federación.

A FGBm. traballa con ese protocolo marco que é o FISICOVID Deporte Galego, o obxectivo é limitar ao máximo a capacidade de transmisión do Coronavirus, é importante remarcar que o risco 0 é imposible, a responsabilidade individual xogará un papel clave no regreso á actiidade.

A metodoloxía é identificar as situacións, antes, durante e despois, identificar o axente, staff, deportistas e outros; identificar o tipo de contaxio, contacto, vía aérea, compartir alimentos ou bebidas, etc...; identificar a situación de contaxio e aplicar unha medida.

A FGBm. ten un borrador, o adestramento si está permitido pero o contacto deberá ser nulo, si pode haber pase de balón pero hai que adaptarse ao protocolo, por exemplo, que se desinfecten as mans, os balóns, etc. Os prazos que manexa FGBm. é publicar o protocolo nos próximos 15 días pero estase á expectativa, xa que esperamos que se permita o contacto e poder competir con normalidade, sobre todo estamos a ser cautos, xa que esperamos de que se modifique as condicións actuais.

O Presidente di que non temos presa porque as últimas noticias son que en pouco tempo levantarán as restricións, pero preferimos ser cautos/as, xa que non se van a poder eliminar as posibilidades de contaxio ao 100%, xa que hai moitas incongruencias e non seremos os primeiros en sacar o protocolo, vamos moitas lagunas. O que desexamos é volver con seguridade, e esperamos volver a comezar con normalidade.

O presidente di que unha cousa é o protocolo de actividade e que todos os clubs deben coñecer e outro é o protocolo de instalacións deportivas que depende dos propietarios das instalacións deportivas, iso non é responsabilidade da FGBm.

O Representante do club Ribadosar pregunta si a española non fixo un protocolo.

O Presidente di que non, parece ser que hai un compromiso de sacalo pero polo de agora non hai noticias ao respecto xa que a RFEBM está en pleno proceso electoral.

Jesús Varela di que unha das cousas que se pedía era que houbera un protocolo marco para todas as instalacións deportivas e que cada un a puntualizase pero dixeron que non xa que pode xerar conflito. A FGBm. recomenda que se teña unha boa coordinación co xestor deportivo da instalación.

O Presidente di que se están a facer campamentos que soamente se regulan co protocolo dos Concellos e pola normativa emitida dende Xuventude, cando a actividade deportiva a regulan a Secretaría Xeral Para o Deporte e as Federacións, parece unha incongruencia...

O representante do club Carballal, di que se está a dicir que a competición nacional comeza a principios de setembro, pero os concellos non abren os pavillóns e non se sabe cando se vai a poder adestrar e ao final a competición comeza pero nadie arranxa nada.

O Presidente di que a FGBm esta nunha mesa de traballo coas federacións de deportes colectivos e desde a UFEDEGA se instou a todas as administracións a sentarse nunha mesma mesa, pero e moi complicado e ata que iso se consiga vai a ser difícil encontrar unha solución.

O Presidente lle pide aos clubs que lle se un Concello non abre as súas instalacións e non poden adestrar ou competir que o comuniquen a FGBm., e se a competición non se pode levar a cabo tal e como está plantexada pois volveremos a reunirnos, xa que as competicións están adaptadas a comunicar os campións a RFEBM.

O representante do Club Bueu, di que hai 15 días a loita lles permitían competir pero cunhas condicións moi complicadas.

O Presidente di que o complicado é facer a trazabilidade do contaxio, e é moi complicado facer o control despois do encontro, xa que é imposible facer o seguimento dos xogades e das persoas coas que estiveron en contacto.

A representante do Club Atlántico di que eles xa comezaron a adestrar, xa que teñen abertas as instalacións, pero non teñen protocolo nin da instalación nin da federación polo cal se fixeron o seu protocolo.

O Presidente di que o problema é que non está a cuberto co seguro xogade se non se respecta a regulación amitida da Xunta de Galicia, e si non teñen un protocolo oficial aprobado pola administración competente non se pode voltar á actividade.

A representante do Club Atlántico di que como non hai contacto pois as lesións son nulas, e están adestrando para que os xogadores acaden a súa forma física, di que de momento están a evitar os pases de balón, para evitar o contacto ao máximo.

O Presidente di por exemplo que aínda non saben como se desinfecta o balón o cada tanto tempo debe desinfectarse. O Presidente di que somos optimistas para o comezo da competición, pero alguén debe asumir a responsabilidade.

A representante do club Atlántico di que se a Federación di de empezar en setembro sen tempo a adestrar, si que haberá lesións.

O Presidente di que si os clubs de categoría nacional poden comezar a competir o 2 de setembro as autonómicas tamén, xa que non é lóxico que poidan unhas e outras non, de todos os xeitos, a FGBm sempre comunicará a situación coma mínimo catro-cinco semanas antes do comezo das competicións autonómicas.

A representante do Atlántico di que si a Xunta permite o adestramento como non van a estar a cuberto coa póliza do Xogade.

O Presidente di que o primeiro que lles van a pedir en caso de lesión é pedirlle o protocolo da instalación e o da Federación. A Federación espera sacar o protocolo o máis axiña posible, xa que moitas instalacións están pedíndolle aos clubs o protocolo da Federación, aínda que o primeiro que deben ter é o da instalación co permiso de uso da mesma.

A representante do Atlántico pide que polo menos lancen o protocolo para os adestramentos, xa que tampouco se sabe cando se vai a empezar a competir con normalidade.

O Presidente di que noutro deporte fixeron o test fai 15 días para comezar a competir o 18 de xullo, e aí non hai control ningún nin garantía sanitaria, por iso a Federación de momento no se aconsella o adestramento. A Federación respecta as datas de comezo de competición ata novo aviso.

O representante do Bm. Tui pregunta que pasa cos recoñecementos médicos si se fan en agosto e no comeza a competición nesas datas.

O Presidente di que estase a estudar a posibilidade de que a federación poña ao servizo dos clubs aos equipos médicos para tal fin, que é bo ir adiantando a realización dos mesmos para axilizar a tramitación de licenzas no seu momento.

O Presidente informa que vaise a engadir na tramitación de licenzas unha declaración responsable, xa que a Xunta di que se vai a volver pero coa responsabilidade individual e o que indica é que todo o mundo sexa coñecedor dos protocolos, e no momento de tramitar a licenza vaise a declarar que é coñecedor do protocolo e que se asumen os riscos.

O representante do Club Cisne, di que os responsables son os pais.

O Presidente di que ten razón, pero para non ter que asinar máis papeis que se tratarán de meter unhas cláusulas no isquad dentro do que se fai ao tramitar á licenza, sempre e cando se unifiquen criterios coa RFEBM.

O representante do Club Poio di que as competicións según os calendarios, os nenos e nenas van a comezar a competición antes de comezar o colexio e ao mellor os pais se mostran reacios.

O Presidente di que todos os anos pasa o mesmo, pero son cousas independentes, medo sempre o vai haber, pero na medida do posible debemos normalizar a situación dentro desta nova normalidade.

O representante do Club Narón, pregunta se hai algo pensado respecto ao seguro para o ano que ven, se vai a haber algún tipo de bonificación. Di que a mediación entre os clubs e a aseguradora é a Federación. Di que si hai unha siniestrabilidade alta é normal que se suba, pero si é baixa o lóxico é que baixe.

O Presidente di que non hai previsión de variación na prima, xa que aínda que non rematou a tempada a siniestrabilidade seguía o mesmo comportamento ca outras tempadas. Non se vai a baixar o prezo do seguro, xa que non se quere xogar coa póliza. A federación galega é a única na que a competición de base é integramente gratuíta. Non sabemos si vai a haber algunha bonificación, pero si hai inverterase en mellorar a xestión dos clubs, xa que en lugar de devolver unha mínima cantidade aos clubs, a Federación prefere inverter en algo que da posibilidades como Cluber.

A Federación quere investir en consecución de financiación e promoción do balonmán, a plataforma Cluber terá un papel moi importante neste proxecto a longo prazo. Non se trata de baixar os dereitos de participación se non de investir, os dereitos de participación son mínimos; ademais hai que recordar que durante o estado de alarma houbo sinistros.

O Presidente di que estamos moi contentos coa correeduría Campos y Rial, xa que se está a portar moi ben e dende a compañía están a traballar en todas as medidas de mellora que estamos a propoñer.

O representante do club Bueu di que non se baixa a póliza, pero a federación igualmente da uns servizos, que é lóxico o plantexamento.

O Presidente di que cando chegou lle chamou a atención que non se cobrara nada na base, pero a verdade è que ten lóxica, e os quen teñen que cobrar na base son os clubs non a Federación, xa que aínda que a subvención no cubre a totalidade da base, a Federación e onde ten que realizar o investimento.

O representante do Club Rasoeiro di que no comezo da competición hai que ser flexibles, xa que si non se poden comezar os adestramentos e os pais non deixan aos fillos ir a adestrar é imposible comezar con normalidade.

O presidente di que si hoxe todos os clubs acordan non participar nos sectores nacionais se plantexa o comezo da competición máis adiante, pero tal como están as datas dos mesmos, a competición autonómica está totalmente condicionada e sen apenas datas libres.

O representante do club Ribadosar pregunta si se comeza ben e hai un contaxio que pasaría.

O Presidente di que iso tratarase máis adiante, dentro do plan de trazabilzade que marca o protocolo, pero case é mellor plantexalo dentro do apartado de rogos e preguntas.

O Presidente pide poder facer un cambio no orde do día e vaise a alterar o orde e primeiro vaise a tratar o punto 5 aprobación do informe económico, e despois 4.

## **PROPOSTA Nº 1: APROBACIÓN CONSTAS ANUAIS FGB. 2019**

O Presidente informa de que aínda que non estamos obrigados a auditarnos este ano, pero si queremos facelo, pero acabamos de saír de unha auditoría do 2018 que levou moito tempo, e case houbo 3 auditorías nun ano, a día de hoxe hai un escenario moito máis claro, e estábamos a esperar a ver si a Xunta nos metía nas federacións a auditar externamente, pero non o fixo. Hai que someter as contas a aprobación para poder presentalas na Xunta.

O Presidente lle cede a palabra á Tesoureira D<sup>a</sup> Patricia Sanmiguel García.

A Tesoureira informa do estado económico da Federación, e que a contas son a data 31 de decembro de 2019. Informa da comparativa do ano 2018 e o 2019. Informa das partidas da Federación, compras, clientes, patrocinios, etc.. (axúntase informe económico). Ao remate da exposición di que si alguén quere algunha aclaración ao exposto.

O representante do club carballal pregunta polos clubs que non están ao día nos pagos e despois quería saber pola auditoría da anterior directiva.

O presidente agradece a pregunta e di que en maio de 2019 fíxose unha auditoría exclusivamente económica no que se trataron eses temas e as auditorías son públicas e aínda que somos conscientes da situación inicial, xa está nouta estapa e aquí presenta a evolución da última tempada. En canto a deudas de clubs o primeiro é dicir é que non é certo de que todo o mundo debe, aquí todo o mundo paga. Non hai ningún inconveniente en mostrar quen debe, pero o mellor momento para sabelo é novembro, xa que a Federación é a financeira das competicións nacionais, xa que os clubs primeiro pagan á RFEBM. e si sobra pois á galega, e aínda que damos facilidades de pago si se paga, xa que a Federación ten gastos e se os clubs non pagan repercute en que non se faga ben o traballo na territorial.

Informa de que se factura todo e aos clubs lles molesta que se lles recorden as débedas, e deixa claro que na vindeira tempada comezarse a eliminar equipos por impagos, xa que este ano a Federación vai a ser estriada, xa que non se pode facer un esforzo grande e que os clubs non respondan co mesmo, se priorizamos as competicións nacionais temos que ser consecuentes, pero non podemos pretender a FGBm. funcione sen unha seriedade nas obrigas económicas por parte dos clubs.

Este ano enviouse aos clubs unhas táboas con gastos fixos nas competicións nacionais e os variables os ten que engadir cada club, e si se enviou e porque desde a Federación estase a mirar que os clubs teñen demasiados proxectos no air, deben realizar presupostos realistas e non inspirados en ilusións. A débeda a día de hoxe dos clubs e de vinte pico mil euros.

A Tesoureira di que o importe é de 23.000 €, e en decembro o importe eran 51.000 € .

O Presidente di que hai clubs que teñen un recoñecemento de débeda, xa que cando comezou esta etapa había moitos clubs que non estaban ao día, a Federación non ten inconveniente en dicir cales son os clubs que non están ao día se toda a asemblea o autoriza.

O Presidente reitera que este ano, se o comportamento é o mesmo, desaparecerán equipos por impagos, e algún club dixo que iso era tirar pedras contra o noso tellado, xa que a que vai a quedar mal é a Federación, pero peor sería non poder pagar as nóminas , provedores, ou dar un mal servizo. A Federación vai a dar facilidades, pero non se vai a financiar a competición a ningún club, é importante ser cautos na elaboración de presupostos.

A Tesoureira di que ademais permitir que os clubs non paguen vai en detrimento dos clubs que si pagan ao día, crea unha desigualdade entre entidades e en certo modo, adultera as competicións.

O Presidente di que vaise a dar formación aos clubs en canto á xestión, e así como a nivel deportivo Pontevedra vai por diante dos demais, Coruña están a maioría dos club minimamente profesionalizados, xa que case todos os clubs teñen persoal contratado e pagan ao día. Lugo máis ou menos, está en fase de crecemento, Ourense estase a ir das mans, e en Pontevedra son os clubs que máis débeda teñen, porque o boca a boca é que todos deben, e non é certo. Por iso este ano se algún club non paga, queda fora da competición, ademais cada tres meses vaise enviar o informe das débedas dos clubs á RFEBM. e á inversa.

O Presidente di que os clubs non se poden queixar da empatía que demostra a Federación cos clubs, pero o que non se pode é meterse en proxectos que non se poden asumir, hai débedas da tempada anterior. A realidade é que si todos fósemos empresas a maioría estarían desaparecidos.

A representante do Club Atlántico pregunta cando a Federación vaise a meter en contratación de adestradores, xa que o que non se pode é estar pagando un seguro deportivo obrigatorio cando está contratado.

O Presidente di, que son cousas diferentes, a Federación está a traballar nun proxecto para intentar profesionalizar o deporte, pero outro tema hai clubs que teñen profesionais, Cangas, Porriño, Guardés, Cisne, pero a normativa obriga (o CSD) a que haxa un seguro deportivo obrigatorio con determinadas coberturas, e aínda que se teña staff médico teñan que pagalo igual, a Federación queixouse a RFEBM e ao CSD, pero non se pode quitar, xa que si se tramita a licenza e non hai o seguro contratado o responsable é a FGB.

A representante do Club Atlántico di que se está a pagar o seguro tres veces. Di que o que tería que ser é que todos os clubs terían que estar asegurados e non é xusto para os que si contratan. Di que o que non pode ser é que ela ao ter contratados aos adestradores pode ter soamente 2 e os demais poden ter máis.

O Presidente lle di que así cumpre coa normativa laboral pero non coa deportiva. O Presidente di que a base son os nenos e nenas, xa que así o proxecto ten sentido, pero hai que cambiar o modo de pensar, xa que si non se profesionaliza ao final o custe humano é moi grande. O principal é que hai que por de todas as partes para conseguir que a Federación faga un proxecto ilusionante. Á resposta do Atlántico a FGBm non ten competencias, pero está a realizar propostas ao respecto ás administracións competentes. A realidade é que un alto porcentaxe basean os seus proxectos en subvencións públicas. O Presidente pregunta se os clubs queren que ser proxecten as débedas dos clubs.

O representante do club Ribadosar di que non é necesario o que hai que facer é exixir o pago das débedas e se non fora da competición. E os prazos teñen que se estritos, e se non podo pagar falarei coa Tesoureira e negociarei a débeda.

O Presidente di que o se prioriza é estar en competicións nacionais pero non facer un proxecto atractivo e consolidado.

A Tesoureira di que iso é necesario, pórse en contacto coa Federación e preguntar, xa que os clubs o que fan é ignorar as notificacións federativas.

A representante do Club Atlántico, pregunta por que non se envían as sancións económicas aos clubs.

O Presidente di que se intentará que lles cheguen as comunicacións aos clubs, que están a transmitirse a través da área provada pero non costa nada envalas por outros medios, é un tema a mellorar.

A Tesoureira di que parte das obrigacións dos clubs é ver a acta do Comité de Competición cando se publica.



O Presidente di que si alguén ten algunha pregunta que facer sobre as contas anuais que o pregunte se non o resto de preguntas por favor deben deixalas para rogos e preguntas.

O representante do club Luceros felicita a FGBm. Pola súa xestión e di que non é o importante saber quen debe ou non, o importante e facer que eses clubs paguen, e iso é o que se está a conseguir.

O Presidente di que as contas están a disposición dos clubs na sede da FGBm., pero recomenda pedilas en novembro que é cando hai mais peticións de aprazamentos nos pagos

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 1: APROBACIÓN CONTAS ANUAIS FGB. 2019

**VOTACIÓN: SI: 38 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0** Queda APROBADA a proposta

### ANÁLISIS COMPETICIÓN

O Presidente lle cede a palabra a D. Jesús Varela Martínez que fará un análises cos datos máis relevantes das competicións da pasada tempada.

Jesús Varela informa que se vai a ver, clubs, equipos, xogadores e sinistros. Informa do número de equipos e as licenzas que hai a día de hoxe na federación.

O Presidente informa de que nas licenzas a Federación inclúe as Escolas da Deputación, xa que sempre se computaron e este ano se fixo unha competición benxamín aberta á participación das mesmas, e se computan para as subvencións da Xunta, xa que hai control das licencias, teñen seguro etc.

Jesús Varela informa do reparto de licenzas por categoría e sexo, desde prebenxamín ata sénior. Curiosamente xuvenil e cadete son practicamente o mesmo tanto en equipos como en xogadores.

O Presidente di que hai un dato importante xa que se detectou que hai moitos equipos xuvenís que están completados con xogadores cadetes, se permitiu que os xogadores cadetes que soamente participan en categoría xuvenil non teñen que pagar o seguro xa que están incluídos na póliza xogade, pero loxicamente prexudica á federación, xa que a negociación da póliza merma.

Jesús Varela di que o interesante do análises é a idade de xogadores en cada categoría, e os datos que se manexan é moi elevado.

A gráfica está incompleta, polo momento que estamos a vivir. Os partidos xóganse preferentemente o sábado e iso repercute nas designacións arbitrais, e en canto aos sinistros na tempada 17/18 a 15 de marzo houbo 283 sinistros na 18/19 se rexistraron 269 e na 19/20 eran 263 sinistros, practicamente van na mesma línea. E o número de federados máis ou menos é a mesma. As lesións incidir que o tren inferior é o que máis quebradeiros de cabeza dan.

Fernando Mosquera pide que os clubs envíen a súa estadística das lesións de base. Na base hai que tentar traballar mellor xa que hai moitas lesións de xeonllos e mans. Chama a atención de que case non hai lesións de ombreiros. O importante é saber o que se está a facer mal ou en qué debemos mellorar, por iso desde os servizos médicos están pensando en facer cursos online para prevención de lesións. Xa que hai moitas lesións en adestramentos, xa que os xogadores están a xogar demasiados partidos.

O Presidente di que neste Campionato de España os servizos médicos lle chamou a atención a cantidade de xogadores que chegan lesionados por sobrecargas e sobre utilizar aos xogadores/as e prexudicial.

Recordar que antes de enviar o parte médico ao seguro hai que envíalo aos servizos médicos da Federación para que vaia selado e formado pola federación.

Fernando Mosquera di que houbo 24 intervencións das cales 18 foron xeonllos, pero as veces os clubs preguntan por un lesionado do cal a Federación non ten coñecemento. Recordar aos clubs que ata que un xogador recibe o alta non pode xogar.

O representante do club Ribadosar di que o importante é ter un portal único dende poder consultar a alta e a baixa dos lesionados.

O Presidente di que é algo que xa lle solicitaron ao seguro.

O representante do Club Xiria di que as veces a comunicación da aseguradora cos médicos non funcionan ben, sobre todo nas especialidades, e soamente por ser prácticos.

Fernando Mosquera pide que cando sexa así que llo comuniquen. Para así poder acelerar o proceso.

## **PROPOSTA Nº 2 MODIFICACIÓNS NOREBAGA**

### **Nº 1: ARTIGO 12: CLUBS FILIAIS**

O Presidente informa da proposta número uno, e a mesma so tería efecto a nivel autonómico nunca nacional. A filialidade poida ser para os dous equipos un equipo de Asobal e outro autonómico que sexan filiais, poidan usar os xogadores xuvenís, tanto o club de categoría nacional como o de autonómica. Evidentemente á hora de clasificarse nun sector nacional nunca poderían participar co club de menos categoría.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 2.1: ARTIGO 12: CLUBS FILIAIS

**VOTACIÓN: SI: 28 NON: 2 ABSTENCIÓN: 8** Queda APROBADA a proposta

### **Nº 2: ARTIGO 19: ENCONTROS ORGANIZADOS POLA FEDERACIÓN GALEGA**

O Presidente informa da proposta número dous, quérese engadir un apartado que faga referencia ás categorías alevín e benxamín, informa de que todo o que se designa desde a Federación en benxamín, alevín, infantís e cadetes ten unha perda para a FGB, xa que o desprazamento ten que asumilo á FGB., por iso se pide que se metan os partidos alevín e benxamíns con outros partidos, non ao mesmo tempo pero si nesa franxa, así se aproveita o desprazamento do árbitro. Xa que hai casos no que se puxo un partido alevín sábado e outro domingo.

O representante do Club Culleredo di que non está de acordo, xa que na redacción hai algo que non está claro, xa que na segunda parte di que si hai dous partidos alevíns hai que polos no mesmo día e iso non é factible.

O Presidente di que se fará esa rectificación deixando claro que “pódense por os partidos de categoría alevín ou benxamín en diferente día sempre e cando vaian acompañados doutras categorías” o importante é que non queden illados.

A representante do Club Seis do Nadal di que teñen o problema das instalacións municipais e as veces non é posible por os partidos na mesma instalación, por iso si se pon “na medida do posible” sería máis axeitado.

Di que sempre fan o posible para que vaian xuntos. E se queda un so partido illado por un aprazamento como se fai

O Presidente di que iso non se pode porque se non todo o mundo seguiría facendo o mesmo, pero que en Vigo non é onde hai a maior problemática, xa que case non hai desprazamentos do colectivo arbitral. O Presidente di que si se fai dentro do que especifica a normativa está no seu dereito.

O Vicepresidente Ignacio Permuy di que eles tamén fan todo o posible para enviar árbitros/as.

O representante do Club Rasoeiro di que as veces dentro dunha mesma instalación non se poden xogar todos os partidos, pois levan un de categoría alevín ao colexio sabendo que non se van a enviar árbitros.

O Presidente informa de que a modificación que se vai a quedar: se aclara que os partidos non quedades illados, podería pórse un partido alevín sábado e benxamín o domingo, ou un alevín sábado e alevín domingo, sempre e cando teñan partidos doutras categorías para aproveitar o desprazamento

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 2.2: ARTIGO 19: ENCONTROS ORGANIZADOS POLA FEDERACIÓN GALEGA

**VOTACIÓN: SI: 37 NON: 0 ABSTENCIÓN: 1** Queda APROBADA a proposta

### **Nº 3 ARTIGO 42: TAREFAS ARBITRAIS TEMPADA 2020/21, 3.2 TAREFAS BALONMÁN PRAIA, 3.3 TAREFAS MESA INDIVIDUAL E 3.4 DESPRAZAMENTO OU VIAXES DOS ÁRBITROS.**

O Presidente di que a proposta é unha modificación das tarefas arbitrais, informa de que posiblemente na próxima asemblea levarase unha modificación nas tarefas arbitrais, non subir as tarefas pero si compensalas, xa que hai moita diferenza entre a sénior masculina e feminina e nas categorías de base, por iso eles so queren arbitrar a categoría sénior.

Esta proposta contempla que figuren por escrito as tarefas de veteranos, ás de balonmán Praia e o coste das mesas sinxelas e regular as dietas e desprazamentos dos árbitros e deixar claro que as dietas corren a cargo do club si se pon o partido entre semana as 21:00, é algo que xa se facía pero que non estaba escrito.

José Pérez pregunta si se pon o partido o sábado ás 21:00 horas, si hai dieta?

O Presidente di que iso xa está regulado. Pero o que si é certo é que non se poden xogar catro partidos pola mañá xa que así os árbitros van sen comer aos partidos da tarde.

O representante do Club Poio pregunta si se podía dar a posibilidade de aboar a dieta ao árbitro o sábado porque o anterior partido se retrasa, e poder comezar o partido as 21:00 horas, xa que as veces non hai tempo para adestrar.

O Presidente di que ai o que se ten que facer é falar co árbitro, pero non se pode abusar. As veces hai árbitros que pitan demasiados partidos na fin de semana.

Ignacio Permuy di que tamén hai que ter empatía cos árbitros de cando chegan xustos de tempo, xa que as veces as excepcións tómanse como norma.

Andrea Cabaleiro pregunta se a dieta se suma no recibo.

O Presidente di que se factura directamente ao club. Aclara igualmente que a dieta baixouse pero loxicamente si excepcionalmente un árbitro ten que gastar máis do estipulado se lle autoriza.

José Pérez di que os 9 lle parece unha broma xa que o fin de semana é imposible encontrar menú por ese importe.

O Presidente di que non é unha broma que é unha proposta, xa que o que hai que cortar é que todo o mundo pase a dieta máxima por costume, o presidente di que por experiencia propia nalgunha ocasión se pode comer un bocadillo ou un menú do día, que non hai que ir a importes máis grandes que vaian en perxuizo da economía dos clubs e da propia federación.

Ignacio Permuy di que non se vai a chorar se un árbitro despois de estar todo o día arbitrando se lle deixe de pagar unha dieta.

O Presidente di que se pode pagar a dieta de 14€ a todo o mundo pero entonces non se lles vai a regalar o chándal, a camiseta, etc. e de esta maneira si, ao igual que dipoñen dunha plataforma de formación e outros moitos servizos.

José Pérez di que o que non pode ser é que un árbitro ou anotador despois de estar a fin de semana este oito ou nove horas fora de casa se lle pague 9 €.

O Presidente di que iso non ocorre e que este ano xa se fixeron excepcións. Informa de que unha das cuestión que se fixo foi igualar as dietas para árbitros e anotadores/as, porque antes parecía que os segundos non tiñan dereito a comer.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 2.3 ARTIGO 42: TARIFAS ARBITRAIS TEMPADA 2020/21, 3.2 TAREFAS BALONMÁN PRAIA, 3.3 TAREFAS MESA INDIVIDUAL E 3.4 DESPRAZAMENTO OU VIAXES DOS ÁRBITROS.

**VOTACIÓN: SI: 36 NON: 1 ABSTENCIÓN: 0** Queda APROBADA a proposta

#### **Nº 4: MODIFICACIÓN TÍTULO III: 1 MINIBALONÁN e 2 ALEVÍN BM. 7**

O Presidente informa da proposta e di que se trata de que figure o regulamento de minibalonmán, se trata de que todos os árbitros e árbitras coñezan o regulamento, facelo chegar aos clubs e incluílo no NOREBAGA, xa que non figuraba. Fanse consideracións que se estaban aplicando pero ao non estar reguladas uns as aplican e outros non. É engadir algo que xa se aplicaba pero que non figuraba.

O representante do Club Ribadosar di que no punto 1.1.3 a altura dos traveseiros pon 1,80 quere saber si é para a categoría alevín e benxamín ou hai a excepción que se facía antes. Na regra 2 dende pon a duración dos partidos pon 8 minutos para prebenxamín e benxamín e 10 minutos para categoría alevín, si se xoga a dobre pista úsase un cronómetro para todo, e estase a xogar a un ou ao o outro.

Ignacio Permuy di que o que se falou e que si é en formato concentración xógase ao mesmo, pero cando é un partido illado cómprese a norma.

O Presidente di que si a algún lles pinten os campos que poñan as dimensións que aparecen no regulamento. O Presidente di que é 1.80, tratouse de unificar.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 2.4: MODIFICACIÓN TÍTULO III: 1 MINIBALONÁN e 2 ALEVÍN BM. 7

**VOTACIÓN: SI: 36 NON: 0 ABSTENCIÓN: 1** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 5 MOFICIACIÓN S R.R.D.**

O Presidente lle cede a palabra a Presidenta do Comité de Apelación Laura , trátase de adaptar o regulamento á situación actual, en temas de racismo, sexistas, etc. e calquera infracción de xogadores, clubs, etc. aplícanse os agravantes que se mencionan.

E a outra modificación é eliminar o dopaxe no regulamento, xa que a Federación non ten competencias, xa que hai unha norma posterior, e hai un órgano superior que é o que ten as competencia.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 5: MODIFICACIÓN S R.R.D.

**VOTACIÓN: SI: 37 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 6: RATIFICACIÓN DO ACORDO DA COMISIÓN DELEGADA SOBRE A FINALIZACIÓN DAS COMPETICIÓN S DA TEMPADA 19/20**

O Presidente di que nesta proposta trátase de ratificar as decisión adoptadas pola Comisión Delegada, aínda que é competente para adoptar eses acordar, é bo que a Asemblea o ratifique.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 6: RATIFICACIÓN DO ACORDO DA COMISIÓN DELEGADA SOBRE A FINALIZACIÓN DAS COMPETICIÓN S DA TEMPADA 19/20

**VOTACIÓN: SI: 37 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 7: ELIMINACIÓN SECTOR ASCENSO A 1ª AUTONÓMICA MASCULINA REFERENTE A TEMPADA 19/20**

O Presidente informa de que na única categoría na que se tomou unha decisión na única categoría na que había dereitos deportivos en xogo de cara a tempada seguinte, tentouse reflexar a situación que había a 15 de marzo. O criterio que se adoptou queda sen sentido, xa que ca invitación á Reconquista hai un equipo que está ascendido e outro que se queda sen opción. O que non pode ser é que un equipo quede fora por facer as cousas tarde.

A Federación cree que o máis xusto é que os tres equipos que matematicamente tiñan opción, pois que os tres ascendan a 1ª Autonómica Masculina, quedando con 14 equipos. Non se trata de premiar se non de ser o máis xustos posibles.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 7: ELIMINACIÓN SECTOR ASCENSO A 1ª AUTONÓMICA MASCULINA REFERENTE Á TEMPADA 19/20

**VOTACIÓN: SI: 33 NON: 1 ABSTENCIÓN: 3** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 8: COMPETICIÓN XUVENIL FEMININA DIVISIÓN DE HONRA**

O Presidente informa da proposta Xuvenil Feminina, di que é exactamente igual á xuvenil masculina.

Plantexanse tres opcións como ven detallada na proposta, dependendo do número de equipos inscritos, trátase de que os mellores xoguen cos mellores e a competición comezará como a masculina.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 8: COMPETICIÓN XUVENIL FEMININA DIVISIÓN DE HONRA

**VOTACIÓN: SI: 27 NON: 0 ABSTENCIÓN: 8** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 9: INTRODUCCIÓN DA “FINAL FOUR” NO CASO DE QUE A COMPETICIÓN TEÑA DOUS GRUPOS**

O Presidente informa da proposta, na que se inclúe unha modificación no suposto 2 da competición que é engadir unha final four que non se contemplaba na proposta inicial que se aprobou na anterior asemblea.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 9: INTRODUCCIÓN DA “FINAL FOUR” NO CASO DE QUE A COMPETICIÓN TEÑA DOUS GRUPOS

**VOTACIÓN: SI: 28 NON: 0 ABSTENCIÓN: 7** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 10: RESOLUCIÓN DE COMPETICIÓN EN CASOS EXCEPCIONAIS COMO O DA COVID-19**

O Presidente di que se trata de regular o que pasaría no caso que se deixe unha situación como neste ano. Polo que si se volver a producir decidiríase en base ao que se plantexa na proposta.

O representante do club Bueu, pregunta a quen se lle da por perdido.

O Presidente di que a ambos equipos.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 10: RESOLUCIÓN DE COMPETICIÓN EN CASOS EXCEPCIONAIS COMO O DA COVID-19

**VOTACIÓN: SI: 35 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 11: TAREFA ENTRADAS FASE FINAL COPA E SUPERCOPA GALICIA**

O Presidente informa que o que se pretende é darlle un premio a todos os equipos e inténtase que sexa un formato atractivo e vendible, a proposta é que nunha fin de semana haxa o venres semifinal es supercopa masculina, sábado semifinais copa Galicia masculina e feminina e final de supercopa masculina e domingo final de copa gállica masculina e feminina e final de supercopa feminina. O que se pretende é unha fin de semana de moito balonmán.

O Presidente di que a Federación quere apostar pola Copa Galicia e que teña o seu aliciente por iso a entrada simbólica de 5 €, e que a taquilla sexa para a FGB con posibilidade de cedela pero sen obrigatoriedade, a concesión da sede vai a ser transparente, pero o que se van a pedir son varios requisitos e que o organizador os cumpra e se implique máis aló da taquilla.

Trátase de montar un evento e búscase a implicación do organizador. A entrada é so para a Fase Final, o resto da competición é gratuíta.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 11: TAREFA ENTRADAS FASE FINAL COPA E SUPERCOPA GALICIA

**VOTACIÓN: SI: 33 NON: 0 ABSTENCIÓN: 2** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 12: MODIFICACIÓN PARCIAL ARTIGO 37 NOREBAGA (PRESENTADA POLO CLUB SAR)**

O Presidente lle cede a palabra ao representante do Club SAR

O representante do club SAR di que se trata de que haxa un límite de xuvenís por partido pero que non se limite o cupo, podendo nominar a todos os xogadores.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 12: MODIFICACIÓN PARCIAL ARTIGO 37 NOREBAGA (PRESENTADA POLO CLUB SAR)

**VOTACIÓN: SI: 35 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 13: CREACIÓN DA FIGURA DE EQUIPOS VINCULADOS (PRESENTADA POLO CLUB EBXIRIA)**

O Presidente informa que esta proposta ven da creación da figura de equipos vinculados, e trata da creación de unha especie de filialidade entre equipos de base, entendemos que hai moitas cousas que se poden aproveitar pero tamén é certo que pode afectar aos equipos.

O Presidente lle cede a palabra ao Club Xiria.

O representante do Club Xiria, di que o exposto é o que di a proposta.

O Presidente di que un dos pros é que te permite mover aos xuvenís dun lugar a outro, as dúbidas está en que non haxa un límite de xogadores, pero poden darse moitas picarescas e adulterar a competición. Tamén di que é complicado levar un control por parte da FGBm. aínda que xa sería un problema a resolver internamente, habería que ver tamén como inflúe no seguro deportivo.

O representante do Club Bm. Cañiza, di que el non entende a proposta, e que por favor se poden explicala ben.

O representante do Club Rasoeiro di que vai a levar máis as trampas que a solucións, a intención é boa pero é difícil de aplicar.

O representante do club Xiria di que non lle ve contras, por iso lle gustaría sabelas.

O Presidente di que o da plataforma é salvable, e lle plantexa moitas dúbidas, é certo que nun sector nacional non se poden xogar cos xogadores do outro equipo , pero si que se pode gañar a final four.

O Presidente di que entre outras cousas hai que facer un convenio tipo. E que esta proposta pódese plantexar ben.

Andrea Cabaleiro di que ve moitos problemas na aplicación desta norma no misquad.

O representante do Club B. Cangas di que a proposta é incongruente e non ten sentido a proposta. Ademais nun equipo soamente podes ter 18 licenzas dunha mesma categoría.

O representante do club Rasoeiro pensa tamén que a proposta non é beneficiosa

O representante do Club Poio di que podería facerse unha vinculación permanente durante toda a tempada.

O representante do club Ferrolterra di que o da plataforma é moi solucionable e para eles é interesante a proposta, sobre todo para zonas no que hai poucos xogadores. Ademais esta proposta é favorable para zonas onde hai pouco balonmán.

A representante do club Atlántico pregunta se con esta proposta un xogador xuvenil do seu equipo pode xogar co equipo xuvenil doutro e respectivamente

O Presidente responde que si, e di que o que non pode ser é que o misquad sexa un freno para o balonmán. O Presidente di que a proposta vai de que un xogador xuvenil poida xogar nos dous equipos xuvenís dos clubs vinculados. Di que todo o mundo debe de saber donda se pode establecer. E unha das cousas que se poden engadir á proposta un modelo de convenio. Aclara que un xogador soamente pode xogar dous partidos por xornada.

O Presidente di que a Federación pódese comprometer a que si a proposta non se aproba, pois se intentará sacar o bo da proposta.

O representante do Club Xiria di que si para os assembleístas a proposta non está clara é unha cousa pero si é porque non gusta e non se entende pois lle parece ilóxico, e está disposto a retirar a proposta si a Federación ou a Comisión Delegada se compromete a estudiala.

O representante do club Bueu di que a proposta non vai a estar a gusto de todos, pero a verdade é que a regulamentación nunca vai a estar a gusto de todos, pero si que ten que estar a gusto da maioría.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 13: CREACIÓN DA FIGURA DE EQUIPOS VINCULADOS (PRESENTADA POLO CLUB EBXIRIA).

**VOTACIÓN: SI: 3 NON: 20 ABSTENCIÓN: 12** Queda ANULADA a proposta

#### **PROPOSTA Nº 14: HORARIOS ENCONTROS DE CLUBS CON XOGADORES/AS SELECCIONADOS POLA SELECCIÓN GALEGA**

O Presidente informa da proposta da área técnica, xa que este ano a programación de seleccións saíu a última hora e a información non fluíu como debería. A preparación e o Campionato de España resulta moi caro para a Federación, hai dificultade para conseguir instalacións, os domingos pola tarde no adestramento aos xogadores non se lles saca o rendemento axeitado xa que veñen de xogar dous partidos e cando máis rendemento se saca é nas convivencias. No calendario deportivo saen as datas dos adestramentos e concentracións.

O Presidente di que este ano a idea é ir a competir no Campionato de España, e para iso fan falla unha serie de sesións de adestramento, sobre todo táctica. Os seleccionadores están a traballar moi duro e estase a pedir colaboración de xente que está en selección nacionais, Nacho Moyano, Jabato.

Para facer ben a programación hai que ter en conta moitas variables, por iso se pide a colaboración dos clubs, non se poden por encontros cando as selección teñen adestramento ou concentración.



O representante do club Cisne di que o que non se pode é facer ir a un xogador cando chega de viaxe as 4 da mañá dun desprazamento.

O Presidente di que o que se pide é empatía, xa que a programación de adestramentos da selección xa está feita e o que non se pode é dicir o día antes que o xogador non pode ir porque vai convocado co seu club na prata masculina, xa que o que se pide é empatía e predisposición. O que debe quedar claro e que se un xogador non vai a adestrar coa Selección, non vai a ir ao Campionato de España.

Carla Abad di que se un xogador é seleccionado pola española ninguén pon inconvenientes.

O representante do Club Cisne di que cando vai coa española, son concentracións de seis días. E o que se está a pedir aos clubs é que non se pode convocar a un xogador no último momento co seu club porque ten adestramento coa selección.

O Presidente di que en máis territoriais se fai e non é algo que se estea a inventar, as veces os clubs levan xogadores que ao final non xogan nin un minuto. E un técnico cando é seleccionador vai a pedir o contrario ao que pide estando no club. E estase a devaluar o traballo dos técnicos das selección.

O representante do club Cisne di que el o que di e que o que se está a pedir é que o adestrador de categoría sénior que si quere levar a dous xogadores de categoría xuvenil, ten que saber con 15 días de antelación se vai a levar a ese xogador ou non e iso é inviable.

O Presidente di que si non quere que non o faga, pero o que ten que quedar claro e que eses xogadores quedarán fora da selección e os mensaxe aos país é que non van porque os seu club non os deixa ir a adestrar.

O representante do club SAR di que entende ambas posturas, pero as veces unha xogadora xuvenil é peza fundamental nun equipo. O club pode intentar por o partido o sábado pero as veces é imposible.

Carla Abad di que iso son excepcións, pero a realidade é que si a concentra a española ao final vai.

O presidente di entonces que ese xogador que é tan importante coa concentración coa galega, non o son tanto cando van coa española.

O representante do Club Lavadores di que hai clubs que teñen moitos xogadores coa selección vai a ter que por moitos xogadores o sábado se son en casa e se se aprazan teñen un custo.

O Presidente di que se está a plantexar unha modificación para aprazar eses partidos sen coste sempre e cando se faga en base á normativa.

O representante do club Luceros, di que non entende o debate da proposta, xa que é moi coherente, o que si desde a federación debe facilitarse o aprazamento destes partidos.

O Presidente di que se vai a meter unha modificación na proposta: A federación Galega está obrigada a aprazar o encontro se o equipo o solicita.

O representante do Club Culleredo, di que na proposta pon se o partido se xoga en casa ten que pórse en sábado e non en domingo, pero si o partido se xoga fora da casa?

O Presidente di que se vai a modificar, “se un xogador é convocado coa selección galega para un adestramento, partido ou competición oficial ou amistosa o seu equipo terá dereito ao aprazamento xogue como locatario ou visitante, sen coste e cumprindo a normativo dos aprazamentos”.

O representante do club Porriño, pregunta se soamente afecta á súa categoría ou tamén a categoría na que poda estar nominado.

O Presidente di que soamente afecta a categoría do xogador.

O representante do Club Cañiza pregunta se se pode aprazar se vai un técnico convocado.

O Presidente di que non, xa que a programación a fixeron os seleccionadores.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 14: HORARIOS ENCONTROS DE CLUBS CON XOGADORES/AS SELECCIONADOS POLA SELECCIÓN GALEGA

**VOTACIÓN: SI: 25 NON: 1 ABSTENCIÓN: 8** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 15: CREACIÓN TITULACIÓN NIVEL 0**

O Presidente informa de que a RFEBM. cambiou o plantexamento dos cursos. Por iso a Federación plantexa unha titulación 0 para as categorías alevín, benxamín e prebenxamín será un curso específico e sinxelo.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 15: CREACIÓN TITULACIÓN NIVEL 0

**VOTACIÓN: SI: 29 NON: 0 ABSTENCIÓN: 1** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 16: ALIÑACIÓN DE XOGADORES/AS A TRAVÉS DA APP ISQUAD**

O Presidente di que nas dúas últimas tempadas se fixo unha proba con varios clubs para facer a aliñación antes de comezar o partido ata unha hora antes e facilita moito as cousas, sobre todo aos árbitros. Se pide que os adestradores fagan a aliñación a través da aplicación.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 16: ALIÑACIÓN DE XOGADORES/AS A TRAVÉS DA APP ISQUAD

**VOTACIÓN: SI: 23 NON: 1 ABSTENCIÓN: 1** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 17: OFICIALIDADE COMUNICACIÓNS POR PARTE DA FGBM. E CONDICIÓNS PLATAFORMA CLUBER**

O Presidente di que aínda que non é obrigatorio para os clubs adherirse á plataforma cluber, o que se pide é que un directivo ou varios se metan na plataforma para que a Federación faga as súas comunicación a través da plataforma.

O representante do Club Bueu pregunta se a oficialidade sería soamente a través da plataforma.

O Presidente di que non, aínda que se envíe por e-mail, o máis áxil e envíalo a través do teléfono. O que se quere e darlle oficialidade igual que ao e-mail, que sexa un canal oficial de comunicación.

O representante do Club Ribadosar pregunta se vai a ter un coste.

O Presidente di que non, xa que o que se pide é que un directivo ou calquera membro do club se inscriba no cluber da Federación.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 17: OFICIALIDADE COMUNICACIÓNS POR PARTE DA FGBM. E CONDICIÓNS PLATAFORMA CLUBER

**VOTACIÓN: SI: 23 NON: 0 ABSTENCIÓN: 1** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 18: CONDICIÓN ADHESIÓN A PLATAFORMA CLUBER PARA CLUBS**

O Presidente informa da proposta, o custo da plataforma durante o primeiro ano o asume na súa totalidade, o que se pide é que os clubs dean visibilidade ás campañas da federación.

A Federación entende que haxa clubs que non se queiran adherir a cluber, pero o que non é lóxico e non querer nin sequera se queira entender en que consiste. Os clubs teñen un problema de xestión, xa que hai moi pouca xente nos clubs.

Cluber sirve para simplificar a xestión dos clubs, a Federación aposta por cluber para conseguir vías de financiación e promoción do balonmán, vai a simplificar a tramitación de subvencións e a xestións coa masa social.

A Federación vai a propor vías de financiación e proxectos deportivos que con cluber van a ser moito máis sinxelos.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 18: CONDICIÓN ADHESIÓN A PLATAFORMA CLUBER PARA CLUBS

**VOTACIÓN: SI: 21 NON: 0 ABSTENCIÓN: 3** Queda APROBADA a proposta

### **PROPOSTA Nº 19: APROBACIÓN DO CALENDARIO DEPORTIVO 2020/21**

O Presidente di que se respecta o calendario aprobado na última asemblea, quedar pendentes as competicións de 2ª categoría. O prazo abrirose despois da celebración do sorteo da Copa Galicia. Estas competición comezarán o 12 de outubro.

O representante do club Porriño pregunta si se vai a abrir un prazo de inscrición para inscribir aos equipos xuvenís femininos que queren xogar a copa para xogar en División de Honra.

O Presidente di que si que a vindeira semana abrirose o prazo para inscribilos.

O representante do Club Carballal di que se plantexa o comezo da competición o 15 de agosto e sigue sen poder haber contacto e non se sabe se as instalación van a estar abertas ou si se vai poder volver a adestrar.

O Presidente di que o que se plantexa son as competicións tal e como estaban aprobadas por asemblea, se non se pode levar a cabo, convocarase de novo á asemblea. A realidade é que a actividade física pódese facer o que non se pode é ter contacto.

O representante do Club Carballal di que ao final se non se adestra a Copa vai a quedar como unha simple pretempada e non se lle vai a dar o valor que ten.

O Presidente di que non se pode propor unha competición alternativa cando o que se está a transmitir é que si se vai a poder xogar.

Procédese a realizar a aprobación da proposta Nº 19: APROBACIÓN DO CALENDARIO DEPORTIVO 2020/21

**VOTACIÓN: SI: 18 NON: 0 ABSTENCIÓN: 4** Queda APROBADA a proposta

## ROGOS E PREGUNTAS

A representante do Club Atlántico pregunta como se van a comprar os balóns a vindeira tempada, xa que ela necesita os balóns.

O Presidente pregunta si Hummel non lle serve os balóns.

A representante do Atlántico di que si, pero necesita os balóns xa que está adestrando e non teñen.

O Presidente di que se deben pedir a través de Hummel. O Presidente di que non se cambiou o modelo de balón, pero si que hai un balón de máis calidade e si se quere pódese habilitar ese balón, pódese habilitar os dous balóns de xogo.

O representante do club Culleredo di que é o mellor poder ter dúas calidades.

O presidente di que se poden usar os dous, e pide que proben os balóns sen pega para poder testalo.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:00 horas.

O Presidente,

A Secretaria Xeral,



Bruno López Molina

M<sup>a</sup> Luisa Sueiro Cardoso